

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6520 *Real decreto 421/2015, do 29 de maio, polo que se regulan os modelos de estatutos-tipo e de escritura pública estandarizados das sociedades de responsabilidade limitada, se aproba un modelo de estatutos tipo, se regula a Axenda electrónica notarial e a Bolsa de denominacións sociais con reserva.*

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, partiu da necesidade de axilizar o inicio da actividade emprendedora, cuestión á cal dedica o capítulo IV dentro do título primeiro, dedicado ao apoio á iniciativa emprendedora; nel créanse os puntos de atención ao emprendedor, coa intención de integrar nun só lugar os múltiples portelos existentes para a asistencia ao inicio da actividade emprendedora.

Moi ligado ao anterior, e coa intención igualmente de facilitar a actividade emprendedora que se deba realizar a través de determinadas persoas xurídicas, régulase no artigo 15 da citada lei a constitución de sociedades de responsabilidade limitada, con escritura pública e estatutos-tipo, mediante o chamado documento único electrónico (DUE) e a través do sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE). A escritura pública débese autorizar no prazo máximo de 12 horas hábiles e débese cualificar e inscribir, de ser o caso, no Rexistro Mercantil no prazo de seis horas. Establécense, polo tanto, uns exixentes requisitos temporais que a lei é consciente de que soamente poden ser alcanzados coa estandarización dos estatutos sociais correspondentes á constitución da sociedade. Por iso establece no citado artigo a necesidade da existencia duns estatutos-tipo que permitan a autorización da escritura de constitución e a súa cualificación e inscrición en tan breves prazos.

Este real decreto regula, de acordo coa habilitación legal, os aspectos que deben reunir os estatutos-tipo en formato estandarizado, así como aproba o modelo estandarizado previsto legalmente; optouse, seguindo a regulación ata agora existente, por un modelo de estatutos de gran sinxeleza sen prexuízo da aprobación futura doutro ou doutros modelos que incorporen maior complexidade.

O artigo 16, que regula a constitución de sociedades de responsabilidade limitada sen estatutos-tipo, introduce a posibilidade de constitución de sociedades limitadas por medios electrónicos cuxa principal innovación é que habilita para obter en moi breve prazo de tempo unha inscrición provisional, aplicándose no necesario o disposto no artigo 15 e, polo tanto, pódese utilizar o mesmo modelo de escritura con formato estandarizado que permita, tanto ao notario, que ten que autorizar o documento, como ao rexistrador mercantil, que o debe inscribir, cumprir os seus respectivos labores dentro dos brevísimos prazos previstos.

En consecuencia, en consonancia co previsto na Lei de apoio aos emprendedores e coa vontade do lexislador de facilitar a creación de empresas en tempos máis curtos, a escritura en formato estandarizado e campos codificados utilizarase nos supostos de constitución telemática. Este real decreto regula, de acordo coa habilitación legal, os aspectos que debe reunir a escritura pública e deixa a aprobación do modelo concreto a unha orde do ministro de Xustiza.

O real decreto regula igualmente algunhas cuestións colaterais a que tamén se refire a Lei 14/2013, do 27 de setembro, e que non están suficientemente regulamentadas, como son a Bolsa de denominacións sociais con reserva, cuxa habilitación normativa se encontra na disposición derradeira primeira do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital; a Axenda electrónica notarial, a través da cal se concertará a cita para o outorgamento da escritura de

constitución, ou o formato en que deberán ser remitidas estas escrituras ao rexistro mercantil correspondente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións da escritura de constitución e dos estatutos-tipo con formato estandarizado e con campos codificados, establecidos na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, da Bolsa de denominacións sociais con reserva e da Axenda electrónica notarial. Apróbase igualmente un modelo de estatutos-tipo en formato estandarizado.

CAPÍTULO II

Modelo de estatutos-tipo e de escritura pública en formato estandarizado

Artigo 2. *Estatutos-tipo en formato estandarizado para a constitución de sociedades de responsabilidade limitada.*

Apróbase o modelo de estatutos-tipo en formato estandarizado a que se refire o artigo 15 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, para a constitución de sociedades de responsabilidade limitada con capital social non inferior a 3.000 euros e sociedades de responsabilidade limitada de formación sucesiva co contido e formato que resulta dos anexos I e II deste real decreto.

Artigo 3. *Campos codificados.*

1. Os modelos de estatutos-tipo en formato estandarizado conteñen campos para cubrir nos cales facer constar os datos codificados que correspondan de forma que a información así estruturada sexa electronicamente tratable.

2. Cada un dos campos que figuran no modelo estandarizado entre parénteses e subliñado deberá conter o dato codificado que corresponde á numeración situada nel de acordo coa relación contida no anexo II deste real decreto.

Artigo 4. *Determinación do obxecto social.*

1. O obxecto social identificarase nos estatutos-tipo mediante a selección dalgunha ou dalgunhas das actividades económicas e dos seus códigos determinados habilitados por orde do ministro de Xustiza, que deberán estar dispoñibles na sede electrónica do Ministerio de Xustiza, coa descrición correspondente da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009). O código ou códigos que se van seleccionar deberán ter, polo menos, dous díxitos.

2. Entre as actividades que conformen o obxecto social, sinalarase unha, para efectos de ser considerada como actividade principal. Neste caso especificarase co código CNAE a catro díxitos.

Artigo 5. *Formalización dos estatutos-tipo.*

1. A redacción dos estatutos-tipo realizarase directamente na plataforma telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (en diante, CIRCE) cubrindo os campos configurados como variables. Unha vez cubertos estes, comporase o

documento dos estatutos, que deberá ser incorporado á escritura; o dito documento deberá incluír o código ID-CIRCE establecido na Orde ECO/1371/2003, do 30 de maio, pola que se regula o procedemento de asignación do código ID-CIRCE que permite a identificación da sociedade limitada Nova Empresa e a súa solicitude nos procesos de tramitación non telemática.

2. Xerárase da mesma maneira un ficheiro en formato *xml* do documento dos estatutos, que será remitido ao notario polo sistema de tramitación telemática do CIRCE xunto co documento único electrónico (DUE), igualmente en formato *xml*, que deberá acompañar a escritura en formato estandarizado a que se refiren a disposición derradeira décima da Lei 14/2013, do 27 de setembro, e o artigo seguinte.

3. O formato do ficheiro *xml* que contén o modelo de estatutos-tipo vén determinado no anexo II deste real decreto.

Artigo 6. *Modelo de escritura pública en formato estandarizado.*

1. O modelo de escritura pública en formato estandarizado con campos codificados para a constitución de sociedades a que se refire a disposición derradeira décima da Lei 14/2013, do 27 de setembro, será aprobado por orde do ministro de Xustiza.

2. A escritura pública en formato estandarizado realizarase cubrindo cada un dos campos para cubrir que conteña o modelo de formato contido na orde do ministro de Xustiza que o aprobe. Os campos serán completados polo notario seguindo as instrucións contidas en cada caso, de forma que a información estruturada sexa electronicamente tratable.

3. O modelo estandarizado de escritura pública utilizarase para a constitución de sociedades limitadas con e sen estatutos-tipo.

Artigo 7. *Remisión da escritura de constitución ao Rexistro Mercantil.*

1. A remisión ao Rexistro Mercantil da copia autorizada da escritura de constitución de sociedades limitadas a que se refiren os artigos 15 e 16 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, realizarase mediante un documento electrónico en formato *xml*, segundo o modelo regulado no artigo anterior, asinado polo notario co seu certificado recoñecido de sinatura electrónica, de forma que permita o tratamento electrónico de todos os campos codificados contidos naquela. O documento electrónico incluírá, no caso de optarse por estatutos-tipo, os estatutos sociais en formato *xml*.

2. Porase á disposición dos outorgantes no punto de atención ao emprendedor, sen ningún custo adicional, copia simple electrónica da escritura de constitución.

3. Cando se utilice o DUE establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, a dita remisión realizarase a través do CIRCE.

CAPÍTULO III

Axenda electrónica notarial

Artigo 8. *Axenda electrónica notarial.*

1. O Consello Xeral do Notariado será a entidade encargada de desenvolver e xestionar, baixo a supervisión da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, a denominada Axenda electrónica notarial, que conterá o calendario de dispoñibilidade dos notarios para a sinatura de escritura de constitución de sociedades.

2. A dita axenda deberá permitir en calquera momento, no ámbito da creación de sociedades ás cales lles sexa de aplicación, a reserva de cita co notario para o outorgamento da escritura correspondente. Concertada a cita, a axenda porá á disposición do solicitante un xustificante dela en que se indiquen, en todo caso, o nome e a residencia do notario e a data e hora acordada. A actualización dos datos de dispoñibilidade da axenda deberase realizar en tempo real.

3. A cita reservada será vinculante para o notario. Se por calquera causa, debidamente xustificada, o notario non estiver en disposición de autorizar a escritura na data e hora sinaladas, deberá pór inmediatamente esta circunstancia en coñecemento do Consello Xeral do Notariado, que lle deberá ofrecer ao solicitante a posibilidade de outorgar a escritura ante outro notario dentro do mesmo prazo, se a imposibilidade do primeiro seleccionado se lle comunicase antes de que falten seis horas para que finalice aquel. En todo caso, calquera alteración ou modificación da cita deberá ser posta en coñecemento do CIRCE.

CAPÍTULO IV

Bolsa de denominacións sociais con reserva

Artigo 9. *Bolsa de denominacións sociais con reserva.*

1. O Rexistro Mercantil Central será responsable de xerar e manter, baixo a supervisión da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, a Bolsa de denominacións sociais con reserva.

2. Xerará aleatoriamente e manterá actualizada, cos filtros adecuados para eliminar denominacións inutilizables, unha bolsa de, polo menos, 1.500 denominacións sociais, que poderá ser consultada electronicamente de forma gratuíta.

3. Cada unha das denominacións sociais da dita bolsa requirirá, antes da súa publicación electrónica, da cualificación previa da súa idoneidade por parte do rexistrador encargado do Rexistro Mercantil Central.

4. O Rexistro Mercantil Central expedirá certificación electrónica negativa, dotada de código seguro de verificación, de cada unha das denominacións sociais da bolsa.

5. Logo de cubrir o formulario de solicitude, e satisfeitos os dereitos arancelarios correspondentes a unha certificación, o interesado poderá seleccionar algunha denominación de entre as dispoñibles e descargar a correspondente certificación electrónica acreditativa da inexistencia de entidade con idéntica denominación. A asignación da denominación a través da Bolsa de denominacións terá a mesma vixencia que a certificación negativa de denominacións. Este trámite poderá ser realizado, igualmente, a través dos puntos de atención ao emprendedor.

6. O interesado poderase dirixir a calquera oficina do Rexistro Mercantil para obter documento en papel acreditativo da selección dunha denominación das incluídas na Bolsa de denominacións.

Disposición adicional primeira. *Axenda electrónica notarial.*

A Axenda electrónica notarial deberá estar en funcionamento, coas características determinadas no artigo 8, no prazo de tres meses desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional segunda. *Aranceis aplicables.*

1. Cando o capital social das sociedades de responsabilidade limitada constituídas conforme este real decreto non sexa superior a 3.100 euros e os seus estatutos se axusten aos estatutos-tipo, aplicaranse os aranceis previstos para iso no artigo 5.dous c) do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

2. Nos demais casos de constitución de sociedades de responsabilidade limitada constituídas conforme este real decreto aplicaranse os aranceis previstos no artigo 5.un g) do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias en materia de lexislación mercantil e de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos que ao Estado lle atribúe, respectivamente, o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación.*

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ditará, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para a aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944.*

Engádese unha alínea j) ao artigo 349 do Regulamento da organización e réxime do notariado, coa seguinte redacción:

«j) A negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas a través da Axenda electrónica notarial.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Estatutos-tipo en formato estandarizado para sociedades de responsabilidade limitada con capital social non inferior a 3.000 euros ou de formación sucesiva (SLFS)

NOTA. O indicado entre [] é opcional.

Artigo 1.º Denominación social.

A denominación da sociedade é (1.1 Denominación social). Constitúese unha sociedade de responsabilidade limitada que se rexerá polas normas legais e polos presentes estatutos.

Artigo 2.º Obxecto social.

A sociedade ten por obxecto o desenvolvemento das actividades correspondentes aos seguintes códigos e descrições da Clasificación nacional de actividades económicas:

Actividade principal: (1.2.1 Obxecto social – campo actividade principal/ 1.2.1 Obxecto social –descripción actividade principal)

Outras actividades: (1.2 Obxecto social – campo / 1.2 Obxecto social –descripción)

Se algunha das actividades elixidas é de carácter profesional, a sociedade exerceraa como mera intermediadora entre o profesional prestador do servizo e o consumidor.

Artigo 3.º

A duración da sociedade será (1.3 Duración) [e dará comezo ás súas operacións o día (1.4 Data de inicio de actividade)].

O exercicio social remata, cada ano, o día (1.5 Data de peche do exercicio social).

Artigo 4.º Domicilio social e web corporativa.

O domicilio social fíxase en (1.6 Domicilio social)
(1.11 Páxina web da sociedade)

Artigo 5.º Capital social.

O capital da sociedade é de (1.7 Capital social) euros, dividido en (1.8 Número de participacións) Participacións sociais de (1.9 Valor de cada participación) euros de valor nominal cada unha, numeradas correlativamente a partir do un.

[Se SLFS, a sociedade suxéitase ao réxime de formación sucesiva previsto no artigo 4 bis da Lei de sociedades de capital.]

Artigo 6.º Organización da administración da sociedade.

A xunta xeral poderá optar por calquera dos seguintes modos de organizar a administración da sociedade, sen necesidade de modificación estatutaria: un administrador único, de dous a cinco administradores solidarios ou dous administradores mancomunados.

Artigo 7.º Nomeamento, duración e prohibición de competencia.

Só as persoas físicas poderán ser nomeadas administradores. O desempeño do cargo de administrador será por tempo indefinido.

Respecto dos demais requisitos de nomeamento, incompatibilidades e prohibicións para ser administrador, aplicarase o disposto na Lei de sociedades de capital.

O cargo de administrador será (1.10 Retribución administrador).

Artigo 8.º *Modo de deliberar e adoptar acordos os órganos colexiados.*

A sociedade rexerese polo disposto para o efecto para a sociedade de responsabilidade limitada na Lei de sociedades de capital.

A xunta xeral será dirixida polo seu presidente, que concederá o uso da palabra, determinará o tempo e o final das intervencións, e someterá a votación os proxectos de acordos.

A xunta xeral será convocada mediante anuncio publicado na páxina web da sociedade se esta fose creada, inscrita e publicada nos termos previstos na lei. Mentres a sociedade non conte con tal páxina web, a convocatoria realizarase por calquera procedemento de comunicación individual e escrita que asegure a recepción do anuncio por todos os socios no domicilio designado para o efecto ou no que conste na documentación da sociedade.

[Artigo 9.º *Sociedade de responsabilidade limitada unipersoal.*

Á sociedade de responsabilidade limitada unipersoal aplicaráselle as especialidades de réxime previstas na Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.]

ANEXO II**Campos codificados contidos nos estatutos-tipo e nodo xml asociado**

Número campo codificado	Campo	Tipo de datos	Observacións	Nodo
--	ID-CIRCE.	Alfanumérico.	Código xerado polo sistema CIRCE.	<ID-CIRCE/>
1.1	Denominación social.	Alfanumérico.	Pode ser da Bolsa de denominacións sociais.	<denominación_social/>
1.2.1	Obxecto social-descripción actividade principal.	Alfabético.	1 entrada.	<Descripcion_Actividad_principal/>
	Obxecto social-campo actividade principal.	Alfanumérico.		<Valor_codigo_actividad_principal/>
1.2	Obxecto social - descripción.	Alfabético.	De 1 a n entradas.	<Descripción_CNAE/>
	Obxecto social - campo.	Alfanumérico.		<Valor_código_CNAE />
1.3	Duración.	Alfanumérico.	Elixir un: – Indefinida. – XX anos/meses.	<Duración/>
1.4	Data inicio de actividade.	Data.		<Fecha_inicio_actividad/>
1.5	Peche do exercicio social.	Día e mes.	Día e mes do ano (en letra).	<Fecha_cierre_ejercicio/>

Número campo codificado	Campo	Tipo de datos	Observacións	Nodo
1.6	Domicilio social.	Alfabético.	Codificación INE.	<Tipo_via/>
		Alfabético.		<Nome_via/>
		Alfanumérico.	Opcional.	<Km/>
		Alfanumérico.	Debe admitir S/N.	<Numero/>
		Alfabético.	Opcional.	<Bis/>
		Alfanumérico.	Opcional.	<Bloque/>
		Alfanumérico.	Opcional.	<Escalera/>
		Alfanumérico.	Opcional.	<Piso/>
		Alfabético.	Opcional.	<Puerta/>
		Alfanumérico.		<Cod_postal/>
		Alfanumérico.	Codificación INE (de tres díxitos).	<Cod_municipio/>
		Alfabético.		<Municipio/>
		Alfabético.		<Provincia/>
		Alfanumérico.	Codificación INE (de dous díxitos).	<Cod_provincia/>
		Alfabético.	Codificación INE.	<País/>
Alfanumérico.	Opcional.	<Teléfono/>		
Alfanumérico.	Opcional.	<Fax/>		
Alfanumérico.	Opcional.	<Email/>		
1.7	Capital social.	Numérico.	Se é sociedade limitada de fundación sucesiva, o capital social subscrito e desembolsado deberá ser a mesma cantidade e deberá estar comprendida entre 1 e 2.999 euros.	<Capital social/>
1.8	Número de participacións.	Numérico.		<Participaciones/>
1.9	Valor de cada participación.	Numérico.		<Importe participaciones/>
1.10	Retribución administrador.	Alfanumérico.	Elixir un: <ul style="list-style-type: none"> - Gratuíto - Cantidade fixa determinada pola xunta xeral para cada exercicio económico. - Unha porcentaxe de XX (<i>número</i>) % dos beneficios repartibles de cada exercicio económico, conforme a lei. 	<Retribucion_administrador/>
1.11	Páxina web da sociedade.	Alfanumérico.	Elixir un en función de se xa se dispón de páxina web. Neste último caso, deberase completar a URL (<i>uniform resource locator</i>) da páxina web: <ul style="list-style-type: none"> - Conforme o artigo 11 bis da Lei de sociedades de capital, a xunta xeral poderá acordar que a sociedade teña unha páxina web corporativa, podendo delegar no órgano de administración a elección do enderezo URL ou sitio na web da web corporativa que, unha vez concretada, deberá comunicar a todos os socios. Ao órgano de administración da sociedade correspóndelle a modificación, o traslado ou a supresión da páxina web. - A sociedade ten unha páxina web corporativa de acordo co disposto no artigo 11 bis da Lei de sociedades de capital. O enderezo da web será a URL da páxina web. Será competencia do órgano de administración a modificación, o traslado ou a supresión da páxina web. 	<Pag_web/>